



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

Xanceda, s/n, Mesía CIF: P-1504800-B Telf. 981 687 001 – Fax 981 687 069

BASES E CONVOCATORIA DE AXUDAS POR NACEMENTO DE FILLO/A, ADOPCIÓN E/OU ACOLLEMENTO DURANTE O ANO 2025

1.ª OBXECTO

1.- Estas bases teñen por obxecto establecer as condicións reguladoras que rexerán as axudas por nacemento de fillo/a, adopción e/ou acollemento e proceder a súa convocatoria.

2.ª FINALIDADE DA AXUDA

1.- A finalidade destas axudas é proporcionar apoio económico a aquelas familias nas que se produza o nacemento, adopción ou acollemento dun novo membro da unidade familiar.

2.- Para a consecución desta finalidade, o Concello de Mesía dotou crédito por importe de 6.000,00 euros na aplicación orzamentaria 231.48000 do orzamento para o ano 2025.

3.ª BENEFICIARIOS

Poderán solicitar estas axudas, para os/as nenos/as nados/as, adoptados/as ou acollidos/as, as familias empadroadas no Concello de Mesía e que acrediten os requisitos que se esixen no seguinte apartado das presentes bases reguladoras.

Enténdese por familias tanto as monoparentais como as formadas por ambos proxenitores, sexan matrimonio ou parella de feito. Nos casos de separación, divorcio, nulidade do matrimonio, será beneficiario/a o proxenitor que teña a custodia dos/as nenos/as, e no caso de cese na convivencia de parellas de feito, será beneficiario/a o proxenitor con que conviva o/a menor.

4.ª REQUISITOS

Serán requisitos necesarios para a concesión de axuda por nacemento de fillo/a, adopción ou acollemento os seguintes:

- a) Que o nacemento, adopción ou acollemento preadoptivo se produza entre o día 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025.
- b) Acreditar, mediante certificación do Padrón de Habitantes, a residencia efectiva no Concello de Mesía dos pais, ou polo menos, dun deles, na data anterior á do nacemento do fillo/a.
- c) Acreditar o empadroamento do/a nado/a no Concello de Mesía no momento da solicitude da axuda.
- d) Nos supostos de nulidade, separación ou divorcio dos proxenitores, o beneficiario da prestación será o pai/nai que teña a custodia dos/as fillos/as, de acordo co establecido no convenio regulador ou sentenza de separación ou divorcio.
- e) En ningún caso poderán ser beneficiarios os proxenitores privados da patria potestade dos/as seus/súas fillos/as ou se a tutela ou garda fora asumida por unha institución pública.
- f) Os solicitantes da axuda e os seus beneficiarios deben estar ao corrente das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, así como non ter débedas pendentes co Concello de Mesía.
- g) Os pais, ou polo menos, un deles, co/a fillo/a quedan obrigados a permanecer empadroados no Concello de Mesía durante un período mínimo de dous anos. Asemade deberán comunicar no prazo dun mes calquera cambio que se produza na situación da unidade familiar que poida ter relevancia ou fora tida en conta para a concesión da axuda.

5.ª CONTÍA DA AXUDA

1.- A axuda consistirá no pagamento único de 300,00 euros por cada nacemento, adopción ou acollemento.

6.ª SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

1.- Coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

- a) DNI do/da solicitante.
- b) Libro de familia ou certificado de nacemento do/a menor.
- c) Certificado de convivencia no Concello de Mesía.
- d) No caso de adopción, auto xudicial de adopción, ou, cando corresponda, resolución administrativa de acollemento preadoptivo.
- e) Resolución xudicial, se é o caso, que estableza a quen corresponden a garda e custodia do menor en caso de separación, divorcio ou nulidade matrimonial.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

Xanceda, s/n, Mesía CIF: P-1504800-B Telf. 981 687 001 – Fax 981 687 069

f) Certificación bancaria do número de conta designada para percibir a dita axuda.

7.ª LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

- 1.- A solicitude e a documentación requirida presentaranse nas oficinas municipais, sen prexuízo do que dispón o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común.
- 2.- O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao de publicación da convocatoria destas axudas no Boletín Oficial da Provincia e finalizará o 31 de decembro de 2025.

8.ª TRAMITACIÓN

- 1.- O departamento de Servizos Sociais comprobará que todas as solicitudes reúnan os requisitos esixidos nas presentes bases, propoñendo á Alcaldía a concesión ou denegación desta axuda segundo os criterios recollidos nas presentes bases.
- 2.- O prazo para resolver será dun mes dende a presentación da solicitude no Rexistro xeral do Concello. Transcorrido o devandito prazo sen que se ditase resolución expresa, poderá entenderse desestimada a concesión da axuda ou subvención.
- 3.- O acordo de concesión ou denegación será motivado, quedando constancia no expediente dos fundamentos da resolución que se adopte.
- 4.- As resolucións recaídas nos procedementos esgotan a vía administrativa, e contra elas pódese interpor un recurso contencioso-administrativo ante o órgano correspondente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa; a vía xudicial é sen prexuízo da interposición do recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
5. Excepcionalmente, todas as solicitudes presentadas en prazo que cumprindo os requisitos esixidos nas presentes bases non puideran satisfacerse no orzamento anual, poderán resolverse no primeiro trimestre do exercicio seguinte.

9.ª COMPATIBILIDADE

Esta subvención será compatible con calquera outra establecida polas administracións públicas ou calquera dos seus organismos.

10.ª PAGAMENTO

- 1.- A contía da axuda concedida aboarase directamente polo Concello de Mesía no número de conta bancaria facilitada polos solicitantes.
 - 2.- Procederá o reintegro total das axudas nos seguintes casos:
 - Obtención das axudas sen reunir as condicións requiridas para iso.
 - Falseamento ou ocultación de datos tidos en conta para a concesión das axudas.
 - Negativa ou obstrución grave ás actuacións de control municipal.
 - Incumprir a obriga de comunicar os cambios ou variacións nas circunstancias determinantes da concesión das axudas.
 - Modificación das condicións e requisitos fundamentais que determinaron a súa concesión, particularmente o incumprimento dos beneficiarios da axuda (pai ou nai e fillo/a) de permanecer empadroados no Concello de Mesía durante un período mínimo de dous anos.
- O antedito enténdese independentemente das responsabilidades administrativas, civís ou penais que se puidesen esixir.

DISPOSICIÓN FINAL

Para o non previsto nestas bases estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como na lexislación concordante.

ANEXO. MODELO SOLICITUDE.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

Xanceda, s/n, Mesía CIF: P-1504800-B Telf. 981 687 001 – Fax 981 687 069

SOLICITUDE DA AXUDA DE NACEMENTO DE FILLO/A, ACOLLEMENTO OU ADOPCIÓN.

NOME e APELIDOS NENO-A/DATA NACEMENTO, ACOLLEMENTO OU ADOPCIÓN
NOME e APELIDOS DO/A SOLICITANTE E DNI
DOMICILIO FAMILIAR
MUNICIPIO
PROVINCIA
C.P:
TELÉFONO
SITUACIÓN PROXENITORES: ☐ Matrimonio ☐ Separación / Divorcio ☐ Parella de feito ☐ Monoparental

Vistas as bases da convocatoria de axudas por nacemento de fillo/a, adopción ou acollemento durante o ano 2025, publicada no BOP núm. _____, do _____,

DECLARAMOS RESPONSABLEMENTE:

- Que son certos os datos que se consignan na presente solicitude.
- Estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como coas obrigas tributarias co concello de Mesía.
- O compromiso de permanecer empadroados os pais, ou polo menos, un deles, co fillo/a no Concello de Mesía durante un período mínimo de dous anos, procedendo, en caso de que así non sucedera, ao reintegro do importe total da subvención recibida.

AUTORIZAMOS: Ao Concello de Mesía a obter os certificados xustificativos de estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social aos efectos de recoñecemento, seguimento e control da presente subvención.

SOLICITAMOS: A axuda por nacemento que outorga o Concello de Mesía prevista nas bases reguladoras arriba indicadas, presentando a tal fin a seguinte documentación, segundo a base sexta da convocatoria (sinalar a que corresponda):

- ☐ DNI do/a solicitante.
- ☐ Libro de familia ou certificado de nacemento do/a menor.
- ☐ Certificado de convivencia no Concello de Mesía.
- ☐ Certificación bancaria do número de conta para percibir a axuda.
- ☐ Auto xudicial de adopción, ou, cando corresponda, resolución administrativa de acollemento preadoptivo.
- ☐ Resolución xudicial que estableza a quen corresponden a garda e custodia do menor en caso de separación, divorcio ou nulidade matrimonial.
- ☐ Outra documentación: _____

Mesía, de de 2025

Asdo.

D./D.^a _____

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MESÍA